

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros da Resolución do 29 de xullo de 2024, do presidente do Parlamento, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

Advertido erro na resolución de data 29 de xullo de 2024, do presidente do Parlamento, pola que se declaran aprobadas as listas definitivas de admitidos e excluídos da convocatoria do proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, por medio da presente resolución procédese a realizar a seguinte corrección de erros:

Eliminar o aspirante Manuel Florentino Rodríguez Barros da listaxe definitiva de excluídos e incluílo na listaxe definitiva de admitidos na quenda libre da convocatoria mencionada.

Esta corrección de erros non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda das persoas incluídas no anexo III da resolución, referida á relación definitiva de persoas excluídas causa de exclusión.

Contra esta corrección de erros non cabe interpoñer ningún recurso, sen prexuízo de que os interesados, conforme o previsto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poidan alegar oposición ao presente acto para a súa consideración na resolución que poña fin aos presente procedemento.

Santiago de Compostela, a 9 de agosto de 2024.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento

